


LACCIO CONSULTING



“Detectamos unha oportunidade por unha esixencia legal”

Mónica Torres Varela

Datos básicos

Actividade:	Consultoría especializada en industrias agroalimentarias
Sector de actividade	Agricultura, gandería e pesca
Nº empregados	2
Inversión inicial	6.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con fondos propios aportados polos promotores.
Web:	www.laccioconsulting.com
Municipio:	San Ciprián de Viñas, Ano creación: 2000
	Ourense

Descrición do proxecto

O proxecto inicial era un laboratorio de análises microbiolóxicos de alimentos e servizos de consultoría. Pero tras un estudo de viabilidade decidimos crear unha empresa de servizos e abandonar a idea do laboratorio, xa que supón un investimento moi forte e un grande requirimento de espazo. Así, en vez de integrar o laboratorio, subcontratamos servizos, reducindo así os custos e mantendo a idea, ofrecendo os mesmos servizos, que basicamente se resumen en dúas áreas de actividades: consultoría alimentaria e laboratorio analítico. A nosa oferta pode dividirse nos seguintes servizos:

- Calidade agroalimentaria (implantación e seguimento do sistema APPCC (Análise de Perigos e Puntos de Control Críticos), elaboración de guías de boas prácticas hixiénicas, asesoramento técnico especializado, protocolos de limpeza e análise de alimentos.
- Formación para manipuladores de alimentos, etc.
- Servizo de documentación con lexislación alimentaria.
- Xestión de trámites administrativos (expedición e renovación do carné de manipulador de alimentos, trámites no Rexistro de Industrias, Rexistro Sanitario, ...)



Datos empresa

Claves do éxito


- Existía unha necesidade non satisfeita, polo que se trataba dunha oportunidade de negocio con grande potencial de mercado e competencia nula.
- Moita dedicación e capacidade de traballo
- Democracia entre os socios. No noso caso acostuma ser fácil chegar a un acordo porque nos coñecemos moi ben, desde fai moitos anos, e todos somos moi teimudos e temos unha grande confianza no noso proxecto, a idea é de todos e loitamos polo mesmo.
- Experiencia previa: o ter traballado antes nun laboratorio facilitounos moito o salto do mundo teórico e académico ao mundo real.
- Buscar moita información, e en caso de ter dificultades para acceder á mesma, rodearnos de expertos especializados no tema.

Situación actual

Polo momento temos unha carteira de clientes consolidada. Queremos ampliar o noso mercado introducíndonos noutras provincias galegas.

Perfil cliente

PYMES do sector alimentario. As grandes empresas non son os nosos clientes porque xa posúen departamentos de calidade propios. Os nosos clientes acostuman ser polo tanto PEMES de entre 5 e 10 empregados, que non poden permitirse integrar un departamento de calidade propio.



Idea inicial

Na universidade detectamos a necesidade deste servizo porque acudía xente (particulares e sobre todo empresas), que por esixencia legal, necesitaban desenvolver sistemas de calidade.

Desde 1996 é obrigatorio implantar o APPCC (Sistemas de Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico) para todas as industrias de alimentación (elaboración, transformación, transporte e distribución de alimentos).

En Pontevedra e Coruña existen empresas que ofrecen estes servizos, pero para sectores específicos. No caso de Ourense non existía unha empresa tan especializada e que ofrecese todos os servizos íntegros de consultoría e análise. Os servizos que ofrece LACCIO na actualidade eran previamente contratados a consultoras externas, de Madrid e Barcelona, co custo engadido que iso supón.

Principales dificultades y amenazas futuras

- Nun principio, a dificultade principal consiste en abrirse un mercado e na falta de experiencia laboral no sentido de xestionar unha empresa (non tiñamos problemas nos aspectos técnicos pero era necesario adoptar unha mentalidade empresarial).

- A diferenza doutros sistemas de calidade, as esixencias en materia alimentaria non outorgan ningún tipo de certificado ou diploma que supoña un valor engadido visíbel para a empresa, non ofrece un atractivo adicional máis que o cumprir coa lexislación vixente.

-Atopámonos con dificultades para que a xente coñecese o que ofrecíamos e aceptáranos. É a dificultade de ser pioneiro nalgo, a xente non o coñece e hai que introducir ese novo servizo no mercado.

- Loitar contra a mentalidade. O concepto de calidade vaise implantando pero con moita lentitude. Non hai moita xente que reaccione ante as esixencias da lei antes de que chegue a inspección.

- Encanto a riscos futuros, neste momento só se nos ocorre que unha empresa grande poda montar unha delegación en Ourense.

Perfil promotores

Mónica é licenciada en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.

Ana é licenciada en Bioloxía e fixo unha tesina en Microbioloxía

Roberto é Enxeñeiro Técnico Agrícola

Os tres promotores pertencían a un grupo de investigación da universidade e tiñan experiencia en proxectos de investigación.

Con menos de trinta anos. crean a súa propia consultora.

Aptitudes necesarias

- Tenacidad
- Habilidade social para comunicar (clientes, provedores, etc.)
- Seriedade y profesionalidad



Guía de Actividad

Laboratorios de ensayos medioambientais e agroalimentarios

(www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta

Demostrar aos demais as miñas capacidades

Gañar cartos

Ser o meu propio xefe

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si (Programa Lanza)

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Anecdótico

Lemos un anuncio na prensa sobre a primeira edición do "Concurso de Iniciativas Empresariais 'Emprender en Ourense'", convocado pola Confederación de Empresarios de Ourense, aínda que tiñamos moi pouco tempo enviamos o noso proxecto e gañamos o primeiro premio.

A título anecdótico, ao principio éramos catro socios e os números pares non son fáciles para tomar decisións. Unha das socias tivo que abandonar o proxecto e vender a súa participación ao resto dos socios porque tivo que marchar a outra cidade. Agora que somos tres resulta moito máis rápido chegar a un consenso.

